

CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
DATA 13/01/2022

Sras./Sres. Asistentes:

PRESIDENTE

PAOLA MARÍA MOCHALES

VOGAIS

ALBA BRIONES GAMARRA

JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO

TÉCNICO

EMILIO PUMAR DURÁN

XERENTE:

SONIA GARCÍA CORZO

SECRETARIO/A

MARIA DEL ROSARIO GONZALEZ PACIOS

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:09 do día 13/01/2022 reúnen-se en primeira convocatoria os/as membros do Consello da Xerencia de Urbanismo que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de levar a cabo a sesión.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

VISTOS OS INFORMES OBRANTES NOS EXPEDIENTES ACÓRDASE INFORMAR AS SEGUINTE S SOLICITUDES:

LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

Informar favorablemente a licenza de primeira ocupación solicitada por Dna. M^a Guadalupe Conde Fontes da vivenda de nova construción sita no Lg. de Tomé - Renza, Parcela nº 13 (Ref. Cat. 8240313NH84S0001OW) de conformidade co certificado final de obra con visado colexial de 06/05/2021 e as acometidas ás redes municipais de auga e saneamento baixo as seguintes condicións:

CONEXIÓN REDE DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarase a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarase na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.

CONEXIÓN REDE DE SANEAMENTO

- Xunto á fachada do edificio, e construída sempre en vía pública, dispórase de arqueta de rexistro de ladrillo macizo de 1/2 pé, revestido interiormente, de medidas interiores 60 x 60 con emboquillado de 50 x 50 e tapa de rexistro de fundición destas medidas.
- O ramal de acometida será de tubo de PVC **mínimo de Ø 160 mm.**
- A conexión realizarase a pozo de rexistro. (Exp. URB/2017/000673)

COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS MENORES

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Myrian Lorenzo Ordóñez, para substitución de carpintería exterior, inxección illamento en

cámaras e reposición de tellas rotas en vivenda unifamiliar sita no lugar de Cachadiña s/n - Bamio (Ref. Cat. 36060A003002400000GY), debendo cumprir coas condicións sinaladas na Resolución do Servizo Provincial da AXI de Pontevedra e da Dirección Xeral de Alta Velocidade)

Tendo en conta que nas autorizacións presentadas fálase ademais de peches de parcela, indicarlle que deberá tramitar o título habilitante para esas obras previamente ao inicio das mesmas e independentemente deste expediente.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprarán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As **estadas** cumprarán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As **torres de traballo móbiles** cumprarán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun **Plan de Montaxe**, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, **debendo repoñer**, en calquer caso, as **posibles roturas sobre a vía pública**.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. URB/2021/000795)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dña. Julia García Monteagudo, para obras en local (división de estancia e instalación de porta) na Rúa Arcebispo Xelmirez nº 36 Bx. Dta. (Ref. Cat. 9458007NH1195N0001LG).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprarán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. URB/2021/001053)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Pedro Villanueva Rey, para instalación de aerotermia en vivenda sita na Rúa Pablo Iglesias nº 17 - 1º A (Ref. Cat. 9665005NH1196N0003UA).

Respectaranse os elementos comúns do inmovible segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruidos emitidos con motivadas obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruidos.

Contará coa autorización da comunidade de propietarios.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprarán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola

Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. URB/2021/001059)

Informar favorablemente a comunicación previa de documentación adxunta presentada por D. Jacobo Barros Fernández, para arranxo de fachada e cuberta (sen modificación de volume nin estrutura) na Rúa Pedroso nº 20 - Bamio (Ref. Cat. 0905101NH2200N0001DE),

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As **estadas** cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As **torres de traballo móbiles** cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun **Plan de Montaxe**, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, **debendo repoñer**, en calquer caso, as **posibles roturas sobre a vía pública**.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. URB/2021/001061)

Informar favorablemente a ineficacia da comunicación previa presentada por Dña. María Dolores Búa Davila, para obras de reforzo viga de formigón con perfís metálicos na Rúa García Hermo nº 14, xa que se trata dunha modificación sobre a estrutura do inmovible, polo que deberá tramitarse por licenza, acompañando proxecto técnico asinado por técnico competente. (Expte. URB/2021/000841)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Antonio Raposo Vidal en representación de VANTAGE TOWERS SLU, para instalación de antena de telefonía na Rúa do Enxeño nº 12 - Trabanca Badiña (Ref. Cat. 0762309NH2106S0001TH)

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. URB/2021/000827)

LICENZAS DE OBRAS MENORES

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Julio Mondragón Paz en representación de COMUNIDAD DE HEREDEROS MONDRAGON CB, para acometida á rede municipal de auga para uso doméstico na Avda. Vilanova 98 (Ref. Cat. 7045204NH1174N0001WD), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarase a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarase na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga disporase de lugar con tapa rexistrable fóra da obra, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo.
- Cumprirase estrictamente as condicións establecidas na autorización sectorial da AXI dependente da CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (EXPTE IF204A/PO/2021/1394) (Exp. URB/2020/000852)

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Maria Teresa Oubiña Romero, para acometida á rede municipal de auga para uso doméstico na Rúa Areeiro nº 53 - Solobeira (Ref. Cat. 0210103NH2101S0001TM), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarase a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarase na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga disporase de lugar con tapa rexistrable fóra da obra, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo.
- Cumprirase estrictamente as condicións establecidas na autorización sectorial da AXI dependente da CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (EXPTE IF204A/PO/2021/1394) (Exp. URB/2021/000862)

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Inés Camiña Padín, para acometida á rede municipal de saneamento na rúa Sobradelo nº 4 (Ref. Cat. 8152007NH1185S0001ML), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo do Concello (Diego teléf. 670.507.938), co que o interesado convirá o momento da súa execución, que realizará baixo a súa inspección e vixilancia.
- A conexión realizarase a pozo de rexistro e o ramal de acometida será con tubo de PVC de Ø 160 mm como mínimo.
- Repoñeranse tódolos servizos municipais afectados o seu estado inicial.
- Xunto á fachada do edificio, e construída sempre en vía pública, disporase de arqueta de rexistro de ladrillo macizo de 1/2 pé, revestido interiormente, de medidas interiores 60 x 60 con emboquillado de 50 x 50 e tapa de rexistro de fundición destas medidas.
- A fianza de 200 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas acometidas queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Exp. URB/2021/001004)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Andrés Montero Dopico en representación de NEDGIA GALICIA SDG SA, para obras de acometida na rede de canalización de gas na Rúa Casal Alto nº 10 - Sobradelo (S/Ref. GDEG1821120016), baixo as seguintes condicións:

- Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. (Sr Diego Teléf. 670 507 938).
- As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa. Co obxecto de poder comprobar o estado das redes de servizos municipais soterrados afectados polas obras e - **unha vez executada a canalización e antes de tapar a gabia** - , solicitarase a inspección dos servizos técnicos municipais para que poidan proceder a súa inspección.
- Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar as distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.
- **Reposicións**
- **GABIA TRANSVERSAL**
- Para a reposición da gabia transversal do vial afectado, deberá procederse o fresado **Da gabia e 3 m a cada extremo**, realizando a posterior reposición da zona afectada con mestura bituminosa en quente tipo AC 16 SUF 50/70 D con espesor mínimo de 5 cm, incluso rego de adherencia, estendido e compactado, respetando a rasante do vial existente, previa preparación da base e sub-base da gabia nas mesmas condicións que as existentes.
- Para a reposición do vial estarase o disposto na **ordenanza municipal de Circulación de Vilagarcía de Arousa**, debendo solicitar con 7 días de antelación a execución dos traballos, que tendrán a consideración de obras “vinculadas” a licenza de obra concedida.
- O solicitante adoptará o seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.
- No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.
- Establécese unha fianza de **500,00 €**, que se vinculará **con cargo o aval de 60.000 €** suscrito por Gas Galicia, SDG, S.A. segundo convenio fiscal, como garantía de reposición de servizos afectados polas obras de acometida de gas. (Exp. URB/2021/001074)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Andrés Montero Dopico en representación de NEDGIA GALICIA SDG SA, para obras de acometida na rede de canalización de gas na Rúa San Martiño nº 12 (Por Rúa Deporte) (S/Ref. GDEG1821120020), baixo as seguintes condicións:

- Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. (Sr Diego Teléf. 670 507 938).
- As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa. Co obxecto de poder comprobar o estado das redes de servizos municipais soterrados afectados polas obras e - **unha vez executada a canalización e antes de tapar a gabia** - , solicitarase a inspección dos servizos técnicos municipais para

- que poidan proceder a súa inspección.
- Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar as distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.
 - **Reposicións**
 - **GABIA TRANSVERSAL**
 - Para a reposición da gabia transversal do vial afectado, deberá procederse o fresado **Da gabia e 3 m a cada extremo**, realizando a posterior reposición da zona afectada con mestura bituminosa en quente tipo AC 16 SUF 50/70 D con espesor mínimo de 5 cm, incluso rego de adherencia, estendido e compactado, respetando a rasante do vial existente, previa preparación da base e sub-base da gabia nas mesmas condicións que as existentes.
 - Para a reposición do vial estarase o disposto na **ordenanza municipal de Circulación de Vilagarcía de Arousa**, debendo solicitar con 7 días de antelación a execución dos traballos, que tendrán a consideración de obras “vinculadas” a licenza de obra concedida.
 - O solicitante adoptará o seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.
 - No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.
 - Establécese unha fianza de **500,00 €**, que se vinculará **con cargo o aval de 60.000 €** suscrito por Gas Galicia, SDG, S.A. segundo convenio fiscal, como garantía de reposición de servizos afectados polas obras de acometida de gas. (Exp. URB/2021/001096)

LICENZAS DE OBRAS MAIORES

Informar favorablemente a solicitude de LAM VILLA ARQUITECTURA SLG en representación de D. DANIEL NOVAIS FERNÁNDEZ , vistos os informes técnico e xurídico, para reforma de vivenda unifamiliar, no lugar de Rúa Sobreiral nº 19 - Cea, de conformidade co "Proxecto básico de reforma de vivenda unifamiliar", redactado polo arquitecta dona Lucía Araujo Castiñeiras, asinado dixitalmente o 06.05.2021, documentación técnica complementaria consistente en “Memoria descriptiva e planos nº 05,06,07,08 e 09” redactados pola arquitecta dona Lucía Araujo Castiñeiras, asinados dixitalmente o 08.11.2021 e “Proxecto de execución de reforma de vivenda unifamiliar”, redactado polo arquitecta dona Lucía Araujo Castiñeiras, visado polo COAG con data 16.12.2021 . En aplicación do Artº 357.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, faise constar:

1. Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo Urbano. Ordenanza específica nº 11
2. Finalidade da actuación e uso a que se destinará: vivenda unifamiliar
3. Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos: 6,50 m. , 70%
4. Orzamento de execución material: 62.780,00 €
5. Referencia catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito: 1764702NH2116S0001RB
6. Técnicos directores das obras: Arquitecto Dña. Lucía Araujo Castiñeiras.

Arquitecto Técnico Dna María Anido Herranz

Herranz

- De conformidade co disposto no **Art. 145 da LSG** o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento (Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente (**Art. 145.2 LSG e 359 do RLSG**)
- Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no **Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción** e demais normativa ao respecto.
- Rematadas as obras, e con carácter previo a su ocupación, deberá solicitarse licenza de primeira ocupación de acordo co **Art. 142.1.g) LSG** e no **Art. 42 da LVG**, aportando a documentación esixida no **Art. 356. 3 do RLSG**(Certificado acreditativo da efectiva e completa finalización das obras, previa á visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, subscrito por técnico competente e visado polo colexio profesional cando así o esixa a normativa vixente, así como unha declaración do técnico sobre a conformidade das obras executadas co proxecto autorizado pola licenza de obras correspondente. Achegarase igualmente á solicitude documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmovible de conformidade coa súa normativa reguladora e, no seu caso, certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos, da adecuada execución das acometidas das redes de subministración).

De precisar ocupación de dominio público deberá solicitar a correspondente autorización e aboar a taxa correspondente. (Exp. URB/2021/000383)

Informar favorablemente o proxecto de execución presentado por D. Manuel Horjales Ferreira, para construción dunha vivenda unifamiliar illada na Rúa Benitiño esquina Rúa Ameixeiras (Ref. Cat. 7854008NH1175S0001LG), redactado pola Arquitecta Dna. Belén Lamas Pardo, visado coa data de 22/12/2021, xunto coa documentación achegada e que foi solicitada por Resolución de Alcaldía de data 19/10/2021. (Expte. URB/2021/000645)

informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. María Dolores Búa Davila para obras de reforzo e consolidación estrutural de vivenda sita en rúa García Hermo, nº 14, Carril, con Ref. Catastral: 9874404NH1197S0002RS, segundo "Proxecto de reforzo e consolidación estrutural", redactado polo arquitecto técnico don Alberto Choren Falcón, asinado dixitalmente o 07.12.2021.

- Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo

de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016).

- Deberá instalarse o cartel de obras correspondente, conforme ó modelo oficial do Concello.
- No caso de que se cumpran as condicións previstas no Artigo 3.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, deberá procederse polo promotor a designar, con carácter preceptivo, a un coordinador de seguridade e saúde.
- Dése conta ao Departamento de Rendos ós efectos oportunos. (Expte. URB/2021/001056)

COMUNICACIÓNS APERTURAS ESTABLECEMENTOS

Informar favorablemente a comunicación de cambio de titularidade da licenza outorgada por Resolución de Alcaldía de data 03/03/2016 a D. José Vázquez Piñeiro, para inicio e desenvolvemento da actividade de café bar (Epígrafe: 673.2) situado na Avda. Dr. Tourón nº 19 Baixo 2., quedando subrogada a entidade VANI BELÉN SC na posición do anterior titular cos efectos previstos no Art. 20.3 do Decreto 144/2016:

"3. A responsabilidade do cumprimento dos requisitos administrativos a que estivese sometida a actividade ou o establecemento trasladarase á nova persoa titular a partir do momento en que o cambio de titularidade se fixese efectivo, con independencia da data en que se leve a cabo a comunicación do cambio de titularidade prevista neste artigo....." (Expte. ACTI/2021/000129)

E sen máis asuntos que tratar, ás 10:15 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.